

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 26 de outubro de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás 9,00 horas do día vinte e seis de outubro de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1331).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas da sesións: extr.urx. 11.10, ordinaria do 15.10, extr.urx. 17.10, ordinaria do 19.10. e extr. urx. do 23 de outubro de 2012. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1332).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN A ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO. EXPTE. 8801/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do técnico de Admón. Xeral e xefe do protocolo de RR.PP., do 17.10.12, conformado pola concelleira delegada de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1. “Conceder a Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, con CIF G-36928846, unha subvención por importe de 15.000 € en concepto de programas de axuda a mulleres en perigo de exclusión social, mantemento da asociación e para as actividades que figuran no escrito de solicitude, e isto con cargo á partida 912.0.489.00.02 (Subvencións por razóns humanitarias ou sociais) ou no seu defecto con cargo a bolsa xurídica de vinculación do vixente orzamento.
2. O pagamento destas cantidades realizarase mediante transferencia bancaria á conta número 2080.0000.73.0040281291 de Novacaixagalicia, oficina principal.
3. O pagamento expresado na punto anterior farase:
Un só pago , de 15.000euros, contra a presentación da memoria de avalización da programación correspondente ó ano en curso , presentada como máximo antes do día 15 de decembro de 2012 con cargo á partida orzamentaria 912.0.489.00.02 “Subvencións por razóns humanitarias ou sociais ” contra a presentación da memoria de avalización da programación correspondente o ano en curso presentada en todo caso antes do 15 de decembro de 2012.
4. Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
5. Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.
A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.
6. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Subvencións de Galicia.
7. A beneficiaria, no prazo de tres meses a conta desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.
A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo.

Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se o beneficiario solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

8. Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
9. O beneficiario deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vigo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
10. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.
11. Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer o beneficiario da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.
12. De conformidade co establecido nos artigos 11c,30 da LSG as facultades de comprobación do proceso de xustificación e, de seguemento e comprobación das actividades subvencionadas propostas , solicitadas pola redes das mulleres veciñais , serán competencia do servizo de relacións públicas e protocolo da Alcaldía.
13. O beneficiario está informado de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria. Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de

Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.

O beneficiario poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.

14. No demais, a concesión da subvención obxecto da presente resolución, rexerá pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.”

3(1333).- SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 83/06, 1186/301, 2226/301, 1539/21, 1824/24, 1513/25, 413/24 E 528/21.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta do xefe de Área de Benestar Social, do 10,11,15,17 e 19.10.2012, conformados pola concelleira-delegada da Área de Política e Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a seguinte persoa:

- D^a. Natividad Alvarez Alonso. Expte.83/06.
- D. Pedro Pablo Jimenez Godoy. Expte. 1186/301
- D^a Carmen Malvar Nuñez. Expte. 2226/06
- D^a M. Victoria Domínguez Martínez. Expte. 1539/21
- D^a Isolina Couto Romero. Expte. 1824/24
- D^a M. Josefa González López. Expte. 1513/25.
- D^a Catalina Merino Martín. Expte. 413/24.
- D^a Maria del Consuelo Mercedes Pérez Adán. Expte. 528/21

4(1334).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE EMAUS FUNDACIÓN SOCIAL, POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN DO PROGRAMA DE TRANSICIÓN Á VIDA AUTÓNOMA VIA NO MES DE SETEMBRO DE 2012. EXPTE. 78729/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Actividades Económicas, do 2.10.12, conformado polo xefe da área de Política de Benestar e pola concelleira delegada, e co informe do Interventor Xeral, do 16.10.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 7.559,41 euros, a favor de “EMAÚS FUNDACIÓN SOCIAL”, Cif. G-20486825, pola prestación dos servizos de xestión do programa de transición á vida autónoma -VIA- no mes de setembro de 2012.

2.- Imputar o gasto de 7.559,41 euros á partida orzamentaria 2310.226.09.09 “Programa pisos de acollida” ou a súa bolsa de vinculación.

5(1335).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE ATENCIÓN SOCIAL EN EMERGENCIAS GRUPO 5, S.L.U, POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DO PROGRAMA DE REDUCCIÓN DO DANO EN MEDIO ABERTO DURANTE O MES DE SETEMBRO DE 2012. EXPTE. 78724/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Actividades Económicas, do 2.10.12, conformado polo xefe da área de Política de Benestar e pola concelleira delegada, e co informe do Interventor Xeral, do 16.10.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

“1.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 5.499,66 euros, a favor de “Atención Social en Emergencias Grupo 5, S.L.U.”, Cif. B-85595239, pola prestación dos servizos do programa de redución do dano en medio aberto durante o mes de setembro de 2012.

2.- Imputar o gasto de 5.499,66 euros á partida orzamentaria 2310.2279909 “Outras actividades grupos desfavorecidos” ou a súa bolsa de vinculación

6(1336).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA FUNDACIÓN ALDABA, POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DO DISPOSITIVO DE ATENCIÓN Á INFANCIA E Á FAMILIA NO MES DE SETEMBRO DE 2012. EXPTE. 78747/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Actividades Económicas, do 2.10.12, conformado polo xefe da área de Política de Benestar e pola concelleira delegada, e co informe do Interventor Xeral, do 15.10.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

“1.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 41.960,43 euros, a favor de “FUNDACIÓN ALDABA”, Cif. G-82453606, pola prestación dos servizos do dispositivo de atención á infancia e á familia no mes de setembro de 2012.

2.- Imputar o gasto de 41.960,43 euros á partida orzamentaria 2310.226.09.07 “Programa menores-convenio infancia” ou a súa bolsa de vinculación.

7(1337).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE CICLO GRUPO 5, S.L.U. POLO CONCEPTO DE SERVIZOS AUXILIARES NO DISPOSITIVO DE MARQUÉS DE VALTERRA, NÚM 6. EXPTE. 78715/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Actividades Económicas, do 2.10.12, conformado polo xefe da área de Política de

Benestar e pola concelleira delegada, e co informe do Interventor Xeral, do 18.10.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

“1.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 19.176,59 euros, a favor de “Ciclo Grupo 5, S.L.U.”, Cif. B-84184662, polo concepto de servizos auxiliares no dispositivo de Marqués de Valterra, núm 6, nos meses de agosto e setembro de 2012.

2.- Imputar o gasto de 19.176,59 euros á partida orzamentaria 2310.2279909 “Outras actividades grupos desfavorecidos”, ou a súa bolsa de vinculación.

8(1338).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE ATENCIÓN SOCIAL EN EMERGENCIAS GRUPO 5, S.L.U., POLOS TRABALLOS DE ORGANIZACIÓN E TRABALLO SOCIAL NO DISPOSITIVO DE MARQUES DE VALTERRA. EXPTE. 78741/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Actividades Económicas, do 2.10.12, conformado polo xefe da área de Política de Benestar e pola concelleira delegada, e co informe do Interventor Xeral, do 18.10.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

“1.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 16.084,04 euros, a favor de “Atención Social en Emergencias Grupo 5, S.L.U.”, Cif. B-85595239, polos traballos de organización e traballo social no dispositivo de Marqués de Valterra, núm 6, dos meses de agosto e setembro de 2012.

2.- Imputar o gasto de 7.968,24 euros á partida orzamentaria 2310.2279909 “Outras actividades grupos desfavorecidos”, ou a súa bolsa de vinculación.

9(1339).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA S.L. EXPTE. 9727/255.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa de negociado de Cemiterios e do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, do 17.09.12, conformado pola concelleira delegada da área, e co informe do Interventor Xeral, do 3.10.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante convalidación a favor de “SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. -SAMYL-”, por importe de 65.827,85 euros (IVE engadido) segundo facturas correspondentes aos meses de maio, xuño, xullo e agosto de 2012, cada unha delas por importe de 16.456,85 euros, pola realización dos servizos de limpeza, acondicionamento e mantemento integral dos cemiterios municipais naquelas datas.

Segundo.- Recoñece-la obriga de pagamento a favor de “SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. -SAMYL-” (CIF.: B-47037577), por importe de 65.827,85 euros (IVE engadido) pola realización dos servizos de limpeza, acondicionamento e mantemento integral dos cemiterios municipais nos meses de maio, xuño, xullo e agosto de 2012, con cargo á Partida orzamentaria 1640.2279900 do exercicio vixente.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos interesados nos termos do artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

10(1340).- APROBACIÓN DE DOCUMENTO DO ESTADO E DIMENSIÓNS E CARACTERÍSTICAS DA OBRA EXECUTADA E XUSTIFICACIÓN DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DOS ANEXOS DA ACTA COMPLEMENTARIA DE COMPROBACIÓN E AUTORIZACIÓN DA EXPLOTACIÓN. EXPTE. 605/410.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da área de Contratación e Novos Proxectos, do 19.10.12, a Xunta de Goberno local acorda:

“Aprobar o documento presentado o 14 de setembro de 2012 do estado de dimensións e características da obra executada do contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación do Auditorio Pazo de Congresos de Vigo e as súas zonas complementarias de explotación comercial, e proceder á execución das medidas previstas no PEF para o restablecemento do equilibrio financeiro do contrato.”

11(1341).- ADXUDICACIÓN DO SUBMINISTRO DE FORMIGÓN, ÁRIDOS E MATERIAIS DE CONSTRUCIÓN. EXPTE. 66909/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 18.10.12, e co informe do Interventor Xeral, do 22.10.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (CIF B-36741379) os lotes 1 (formigóns), 2 (áridos) e 3 (materiais de construción) do procedemento aberto para a contratación da subministración de formigón, áridos e materiais de construción (expediente nº 66909-250) por uns prezos totais respectivos de 70.000 euros, 50.000 euros e 50.000 euros e unhas baixas porcentual únicas respecto dos prezos unitarios definidos no prego de prescripcóns técnicas particulares do 9% para o lote 1, 8% para o lote 2 e 1% para o lote 3. Todo o anterior de acordo cos pregos de cláusulas administrativas particulares e técnicas aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

12(1342).- DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS FORMULADAS POR D. SERAFIN OTERO FERNÁNDEZ, EN NOME E REPRESENTACIÓN DA CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG), EXPTE. 1318/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Admón. Xeral, do 23.10.12, a Xunta de Goberno local acorda:

“Desestimar as alegacións formuladas por D. Serafín Otero Fernández, en nome e representación da CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG) en Vigo na súa calidade de Secretario da mesma, formula alegacións no procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza do edificio Consistorial e outras dependencias municipais do concello de Vigo, mediante sendos escritos de data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 5 e 15 de outubro de 2012 polas razóns expostas nos fundamentos xurídicos terceiro a sexto do corpo deste escrito”

13(1343).- ESTADO DE DIMENSIÓNS E CARACTERÍSTICAS DA OBRA EXECUTADA DO APARCADOIRO SOTERRADO DE GENARO DE LA FUENTE. EXPTE. 4204/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do enxeñeiro municipal de Camiños, Canais e Portos, director dos servizos técnicos, do 28.09.2012, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Transportes e Seguridade e Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aprobar o presente documento de “Estado de Medicións e Características da Obra Executada” do Modificado do Proxecto de construción do aparcamento en concesión da rúa Jenaro de la Fuente (lote-2), redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Pablo Couto López, colexiado nº-15.384, e visados do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de datas 26/04/2012 e 12/09/2012.

2.- Dar traslado dos planos anexos en formato dixital ós Servizos Municipais, e ás empresas de servizo que correspondan.

14(1344).- ESTADO DE DIMENSIÓNS E CARACTERÍSTICAS DA OBRA EXECUTADA DO APARCADOIRO SOTERRADO DA AVDA. DE CASTELAO. EXPTE. 4203/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do enxeñeiro municipal de Camiños, Canais e Portos, director dos servizos técnicos, do 28.09.2012, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Transportes e Seguridade e Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aprobar o presente documento de “Estado de Medicións e Características da Obra Executada” do Modificado do Proxecto de construción do aparcamento en concesión da avenida Castelao (lote-2), redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Pablo Couto López, colexiado nº-15.384, e visados do Colexio

Oficial de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de datas 26/04/2012 e 12/09/2012.

2.- Dar traslado dos planos anexos en formato dixital ós Servizos Municipais e ás empresas de servizo que correspondan.

15(1345).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

Vistos os informes das oficinas técnicas, os informes de Intervención Xeral e os informes-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

A) Devolver a **NEW LINK MC KINNEY PASCUAL, S.L.**, a fianza de 14.875,00 € constituída para responder do programa municipal de inmersión en lingua inglesa, xa que os servizos se executaron conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrelo prazo de garantía. Expte. 4170/241.

B) Devolver a **RODRIGUEZ Y RIVOIRA**, a fianza de 2.945 € constituída para responder da dirección facultativa das obras da pinacoteca, xa que os servizos foron recibidos mediante acta de 14.06.2011, por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrelo prazo de garantía. Expte. 4232/241.

C) Devolver a **JARDINCELAS S.L.**, a fianza de 5.084,75 € constituída para responder do subministro de valado galvanizado, xa que as subministracións foron recibidos mediante acta de 30.12.2010, por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrelo prazo de garantía. Expte. 4230/241.

D) Devolver a **ARTES Y LETRAS ZENIT S.L.**, a fianza de 2.400 € constituída para responder do subministro de impresos, por ser recibidos conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrelo prazo de garantía. Expte. 4234/241.

E) Devolver a **ALEGRIA ACTIVITY S.L.**, a fianza de 9.600 € constituída para responder das campañas de promoción turística de Vigo a través de autobús, xa que os servizos foron recibidos mediante acta de 2.08.2011, por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrelo prazo de garantía. Expte. 4226/241.

F) Devolver a **ALGORITMOS PROCESOS Y DISEÑOS S.L.**, a fianza de 53.138 € constituída para responder do subministro do sistema de xestión en espera Lonxa do Concello, xa que a subministración for recibida mediante acta de 29.05.2009, por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrelo prazo de garantía. Expte. 4198/241.

G) Devolver a **CONSTRUCCIONES ALDASA S.L.U**, a fianza de 5.033,90 € constituída para responder das obras de peche do espacio baixo a grada do pavillón de Lavadores, xa que as obras foron recibidas e por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrelo prazo de garantía. Expte. 4247/241.

H) Devolver a **PETTRA**, a fianza de 3.683,46 € constituída para responder da dirección facultativa das obras da R/Manuel Alvarez, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 29.09.2012, por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrelo prazo de garantía. Expte. 4200/241.

16(1346).- AUTORIZACIÓN A D. ALEJANDRO GOMEZ CABRAL A ORGANIZAR O VINDEIRO 28.10.2012, A CARREIRA POPULAR 10 KM. EXPTE. 11544/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director deportivo do IMD, do 11.10.12, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

“Autorizar a Alejandro Gómez Cabral, a organizar o vindeiro 28 de outubro de 2012, o **CARREIRA POPULAR 10 KM**, dita proba comenará ás 10.00 horas e rematará arredor das 13.00 o percorrido se levará a cabo en Zamáns no Alto de San Cosme.”

17(1347).- AUTORIZACIÓN A PEÑA AMIGOS DO OUTEIRO A ORGANIZAR O VINDEIRO DOMINGO 28.10.2012, A IV MARCHA CICLISTA A PARROQUIA DE BEADE. EXPTE. 11546/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director deportivo do IMD, do 11.10.12, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

“Autorizar a Peña Amigos do Outeiro, representados por Manuel Iglesias Saínza, ten previsto organizar o vindeiro domingo 28 de outubro de 2012, a **“IV MARCHA CICLISTA A PARROQUIA DE BEADE”** dita carreira comenará ás 10.00 horas:

18(1348).- AUTORIZACIÓN AO COMESAÑA SPORTING CLUB, A ORGANIZAR O VINDEIRO DOMINGO 25.11.2012, O XXXIV MEMORIAL BELARMINO ALONSO DE CAMPO A TRAVÉS. EXPTE. 11593/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director deportivo do IMD, do 11.10.12, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

“Autorizar, ao Comesaña Sporting Club , a organizar o vindeiro domingo 25 de novembro de 2012, o **XXXIV Memorial Belarmino Alonso de campo a través**, a partir das 10.30 horas, con saída dende San Andrés de Comesaña, lugar dos Molinos, ao lado do campo de fútbol da Xunqueira, pasando por debaixo do viaducto da VG-20, ao lado da Avda. Ricardo Mella, rematando ás 14.00 horas aproximadamente.

19(1349).- AUTORIZACIÓN A ESCUDERÍA VIGO CLÁSICOS, A ORGANIZAR O VINDEIRO SÁBADO 27.10.2012, VI RALLY CIUDAD DE VIGO DE CLASICOS. EXPTE. 11545/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director deportivo do IMD, do 18.10.12, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

“Autorizar a Escudería Vigo Clásicos , a organizar o vindeiro sábado 27 de outubro de 2012, **VI RALLY CIUDAD DE VIGO DE CLASICOS** pola mañá percorreren o centro da cidade e con saída á AP-9, logo pola tarde os vehículos reagruparanse na rúa Fernando Conde a partir das 19.00 horas, logo saíran cara Praza de Compostela, fronte Estrela Galicia (19.00 a 20.30 horas), rematando na Praza de Compostela con a rúa Luis Taboada”.

20(1350).- CONTRATACIÓN DE PERSOAL TRABALLADOR, NO MARCO DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN XUNTA-ENTIDADES LOCAIS 2012, PROXECTO MELLORA DAS ZONAS RURAIS. EXPTE. 9121/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do servizo de Promoción Económica e Emprego, do 27.09.12, conformado polo concelleiro de área, e co informe do técnico de Intervención, do 9.10.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Contratar en base aos acordos de XGL, relacionados anteriormente, na categoria profesional de peón/as as seguintes persoas:

- Peón/as (categoría profesional peón, da modalidade traballadores/as BENEFICIARIOS/AS dos programas de emprego)

Nº orde	DNI	APELIDOS, NOME
1	76895097W	AGUILERA PRIETO, BELEN MARIA
2	36060592L	SOLIÑO HERMELO, LEONIDES
3	36143543D	SALGUEIRO FIGUEIRAS, ALBERTO
4	36098884Q	RAMOS GARCIA, FIDEL
5	36071873F	FERNANDEZ MOLEDO, VENTURA

Segundo.- Contratar en base aos acordos de XGL, relacionados anteriormente, na categoría profesional de capataces o oficiais as seguintes persoas:

- Capataz albañilería (categoría profesional capataz, da modalidade traballadores/as BENEFICIARIOS/AS dos programas de emprego):

Nº orde	DNI	APELIDOS, NOME
1	36131119M	MOURE NAVEIRO, JOSE LUIS

- Oficial albanel (categoría profesional oficial, da modalidade traballadores/as BENEFICIARIOS/AS dos programas de emprego)

Nº orde	DNI	APELIDOS, NOME
1	10073677E	LOPEZ ARIAS, BENITO

- Oficial ferreiro (categoría profesional oficial, da modalidade traballadores/as BENEFICIARIOS/AS dos programas de emprego)

Nº orde	DNI	APELIDOS, NOME
1	36019100L	COSTAS DOMINGUEZ, ADOLFO

Terceiro.- Que se remita ao servizo de Recursos Humanos o presente acordo, xunto coa documentación das persoas relacionadas anteriormente para a formalización da súa contratación.

Cuarto.- O custe destas contratacións aplicarase á partida do orzamento vixente 2410.1310002 “Mellora das zonas rurais” e 2410.1600002 “Seguridade Social Mellora das zonas rurais”.

Quinto.- As contratacións terán as seguintes características:

- Periodo de contratación: 5 meses.
- Tipo de contrato: Obra ou servizo de interese social de duración determinada a xornada parcial.
- Obxecto do contrato: Realización das funcións propias como peóns/as (categoría profesional peón/a), capataz (categoría profesional capataz), oficial albanel e oficial ferreiro (categoría profesional oficial), no desenvolvemento do proxecto “Mellora das zonas rurais”, no marco dos Programas Cooperación Xunta-Entidades locais do ano 2012.
- A xornada laboral será do 75 % segundo a resolución aprobatoria da Xunta de Galicia e o horario de acordo coas necesidades do servizo.
- Retribucións salariais: As retribucións serán as contempladas no Acordo marco de regulación das condicións socio-laborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2009-2011 prorrogado, na modalidade de Traballadores/as

beneficiarios/as dos programas de emprego para a categoría de peón/as, capataces e oficiais, respectivamente..

- As pagas extras serán prorrateadas mensualmente.
- As situacións de incapacidade temporal interrompirán o período de proba.

Para realización das correspondentes contratacións, achegáse a seguinte documentación:

- Copia dos acordos das Xuntas de Goberno.
- Actas da Comisión de Selección dos postos.
- Documento complementario: listado de persoas suplentes para ser utilizado no suposto de eventuais renuncias, que forma parte inseparable da proposta de contratación e cúa contratación autorízase por decreto no caso de renuncia expresa.

21(1351).- PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA O PROXECTO INTERREG IVC "SUSTAINABLE URBAN MOBILITY". AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 8966/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 22.10.12, conformado polo concelleiro de área, co informe xurídico da técnica de Admón. Xeral e da Titular da Asesoría Xurídica, do 5.10.2012, e co informe do Interventor Xeral, do 18.10.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aprobar a tramitación urxente do expediente 8873 de contratación do .SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA O PROXECTO INTERREG IVC "SUSTAINABLE URBAN MOBILITY" (SUM PROJECT).

2.- Aprobar o expediente de contratación 8966/77 de contratación do SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA O PROXECTO INTERREG IVC "SUSTAINABLE URBAN MOBILITY" (SUM PROJECT).

2.- Aprobar o prego de prescricións técnicas de data 30 de agosto de 2012 e o prego de cláusulas administrativas de data 19 de outubro de 2012 de condicións que rexirán a contratación do SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA O PROXECTO INTERREG IVC "SUSTAINABLE URBAN MOBILITY" (SUM PROJECT).

3.- Autorizar o gasto por un importe de 43.903,53€ (IVE engadido) con cargo á aplicación orzamentaria, 2410..2279907 "ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS SUM PROJECT", do

DISTRIBUCIÓN ANUALIDADES				
EXERCICIO	2012	2013	2014	TOTAIS
B.I.	8.884,30	18.515,31	8.884,30	36.283,91
IVE	1.865,70	3.888,22	1.865,70	7.619,62
TOTAL	10.750,00	22.403,53	10.750,00	43.903,53

vixente presuposto e dos dous seguintes, conforme á seguinte distribución por anualidades:

5.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

22(1352).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CCAR DE VALLADARES. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 9112/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 12.09.12, conformado polo concelleiro de área, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal, do 28.09.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 19.10.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a "C.C.A.R. de VALLADARES", con CIF: G36617082.
2. Autorizar o gasto de 60.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410. 4890010 "Convenios Plan de Emprego Municipal", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012.
3. Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de duos mil doce

REUNIDOS

Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións da Alcaldía de Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/06/2012.

Doutra, dona Gregorio Álvarez Pereira, como Presidenta da C.C.A.R. de VALLADARES, CIF nº G36617082 e enderezo social en Estrada Xeral de Valadares, 261, 36315 de Vigo, Representación que acredita con certificado do secretario da asociación, que lle faculta para o outorgamento deste convenio, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas nin limitadas.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

EXPOÑEN

A mellora do benestar dos cidadáns de Vigo é a tarefa fundamental do Concello de Vigo. A súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar, e por medio de proxecto integrados nos Plan de Emprego intervén para acadar unha sociedade mais inclusiva, mais xusta e equilibrada.

A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración con entramado laboral, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de parados na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas organizacións, fundacións, federacións, asociacións vecinais, sociais, empresarias, sindicais etc... de tal xeito que se mellore a prestación de servizos de información,

formación e asesoramento as persoas en situación de desemprego cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

MANIFESTAN

I.- - Que a C.C.A.R. de VALLADARES, conforme o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- *Desenvolver actividades de todo tipo; educativas, deportivas, lúdicas e culturais, encamiñadas a cubrir as necesidades dos/as asociados/as.*
- *Achegar recursos para cumprir cos fins fundacionais.*
- *Promover e apoiar a formación permanente fomentando a educación cara ó ocio e as actividades ocupacionais nas mulleres adultas.*
- *Fomentar e mellorar os intereses das mulleres (promovendo formación, información, asesoramento, etc.).*
- *Fomentar na xuventude actuacións tendentes a xerar actitudes de prevención ante os riscos da saúde, o consumo e a publicidade, fomentando a educación para o ocio e as actividades ocupacionais nos mozos.*

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar asociacións e a asociarse á da súa elección, así como o recoñecemento ás asociacións e federacións veciñais para contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía é fundamental.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades veciñais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, informativo, formativo da veciñanza, ademais dos de fomento da empregabilidade, sin olvidar a súa potencialidade como xacementos potenciais de emprego, na súa función de prestacións de servizos a comunidade, as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo:

Paro rexistrado por sexo e grupos de idade:

VIGO	Ambos sexos			Homes			Mulleres		
	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos
2012/Abril	33894	2292	31602	15616	1244	14372	18278	1048	17230

Paro rexistrado por sexo e sector de actividade:

VIGO 2012/Abril	Paro total	Agricultura/Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
Ambos sexos	33894	444	5587	3366	21002	3495
Homes	15616	319	3343	2944	7782	1228
Mulleres	18278	125	2244	422	13220	2267

Paro rexistrado por sexo e grupos quinquenais de idade:

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento da situación das persoas desempregadas e das necesidades de dinamización social e laboral da parroquia pola C.C.A.R. de VALLADARES, impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervincentes conclúen o presente concenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é ofrecer información, formación, asesoramento e orientación laboral sobre o autoemprego, a creación de novas empresas e a busca de emprego.

V.- Que a C.C.A.R. de VALLADARES non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da C.C.A.R. de VALLADARES, o Concello de Vigo e a dita C.C.A.R. de VALLADARES convenén a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A C.C.A.R. de VALLADARES, comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo en canto a dinamización sociocultural, así como nas labores de administración, conserxería e coidado de instalacións na parroquia de Lavadores e, concretamente, a:

1. Asumir a programación, organización e xestión das seguintes actividades:
 - a) Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa dinamización sociocultural, a atención sociosanitaria, o levantamento de planos cartográficos e a investigación histórica da parroquia, así como nas labores de:
 - Xestión bibliotecaria e catalogación dos fondos veciñais.
 - Dinamización sociocultural na parroquia.
 - Informar a veciñanza e difundir as accións da asociación.
 - Contribuír a conciliación familiar e laboral.
 - Fomento no coñecemento e uso das novas tecnoloxías.
 - Dinamización da economía e do comercio da parroquia.
 - Fomento da lectura e profundizar no uso do libro como fonte de formación e información.
2. Desenvolver actividades lúdicas e de fomento dos:
 - a) Xogos tradicionais.
 - b) O folclore e a cultura popular.
 - c) Motivar aos nenos e nenas na participación na súa comunidade e na elaboración de actividades.
3. Actividades de investigación histórica:
 - a) Desenvolver unha cartografía toponímica de Valadares.
 - b) Desenvolver os arbores xenealóxicos das familias orixinarias da parroquia.
 - c) Localización e catalogacións das propiedades existentes.
4. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo,

obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.

5. No emprazamento das accións constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
6. Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio se realizarán no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado- como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
7. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
8. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
9. As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.
10. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
11. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
2. Respetar a estrutura organizativa da C.C.A.R. de VALLADARES.
3. Conceder directamente á C.C.A.R. de VALLADARES unha subvención total por importe de 60.000,00 € con cargo á partida 2410.4890010 “Convenios Plan de Emprego Municipal”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da

actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidades sindicais.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Séxto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

4. A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.

5. En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.

6. A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

Sétimo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Oitavo.- Comisión de seguimento

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

- O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- Tres vocais:
 - Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
 - Dous a membros da Xunta directiva da entidade C.C.A.R. de VALLADARES.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Realizar as selección de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.
- Supervisar o cumprimento do normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo de tres (3) meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a

subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

As Retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- ▣ Copia autenticada do contrato.
- ▣ Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.
- ▣ Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.
- ▣ Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.
- ▣ Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de outubro de 2012 e o 31 de marzo de 2013.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Asociación de Empresarios de Electricidade e Telecomunicacións de Pontevedra (INSTALECTRA) no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo oitava.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2012.

25(1355).- APROBACIÓN DA MEMORIA “APOIO Á CIDADANÍA NAS SÚAS RELACIÓNS COA ADMINISTRACIÓN LOCAL”. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 9167/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 22.10.12, conformado polo concelleiro de área, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aprobar a memoria “APOIO Á CIDADANÍA NAS SÚAS REALACIÓNS COA ADMINISTRACIÓN LOCAL” destinada a mulleres vítimas de violencia para presentar a convocatoria de Programas de Cooperación 2012, que se resumen no cadro que se achega no Anexo I.

2.- Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención de 210.520,90 € para o desenvolvemento das memorias aprobadas.

3.- Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos, no caso de seren aprobados pola Xunta de Galicia.

4.- Delegar no concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

26(1356).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIIS DE VIGO. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 9114/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 20.09.12, conformado polo concelleiro de área, co informe xurídico do secretario de Admón. Municipal, do 28.09.12, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 18.10.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo, con CIF: G36791291.

- Autorizar o gasto de 37.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410. 4890010 “Convenios Plan de Emprego Municipal”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012.
- Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de duos mil doce

REUNIDOS

Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións da Alcaldía de Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/06/2012.

Doutra, don Roberto Giráldez Barbeitos con DNI:76911826-X como Presidente da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo, CIF nº G36791291, e enderezo social en Rúa Ecuador 34 • Lc – Bx, 36203 Vigo , Representación que acredita con certificado do secretario da asociación, que lle faculta para o outorgamento deste convenio, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas nin limitadas.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

EXPOÑEN

A mellora do benestar dos cidadáns de Vigo é a tarefa fundamental do Concello de Vigo. A súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar, e por medio de proxecto integrados nos Plan de Emprego intervén para acadar unha sociedade mais inclusiva, mais xusta e equilibrada.

A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración con entramado laboral, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de parados na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas organizacións, fundacións, federacións, asociacións vecinais, sociais, empresarias, sindicais etc... de tal xeito que se mellore a prestación de servizos de información, formación e asesoramento as persoas en situación de desemprego cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

MANIFESTAN

I.- - Que a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo, conforme o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- ☐ Representar ante os organismos competentes a todas as Asociacións federadas.
- ☐ Conseguir as axudas necesarias para que cada entidade federada poida levar a cabo os seus fins.
- ☐ Organizar actividades, actos, etc., que teñan unha ampla demanda social.
- ☐ Propoñer e subscribir acordos e convenios beneficiosos para a Agrupación e os seus federados.

- Levar a cabo un circuito de actuacións financiado polo Concello onde dar saída aos miles de jovens que todos os días traballa en ensaios etc.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar asociacións e a asociarse á da súa elección, así como o recoñecemento ás asociacións e federacións deveciñais a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía é fundamental.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades veciñais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, informativo, formativo da veciñanza, ademais dos de fomento da empregabilidade, sin olvidar a súa potencialidade como xacementos potenciais de emprego, na súa función de prestacións de servizos a comunidade, as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo:

Paro rexistrado por sexo e grupos de idade:

VIGO	Ambos sexos			Homes			Mulleres		
	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos
2012/Abril	33894	2292	31602	15616	1244	14372	18278	1048	17230

Paro rexistrado por sexo e sector de actividade:

VIGO 2012/Abril	Paro total	Agricultura/Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
Ambos sexos	33894	444	5587	3366	21002	3495
Homes	15616	319	3343	2944	7782	1228
Mulleres	18278	125	2244	422	13220	2267

Paro rexistrado por sexo e grupos quinquenais de idade:

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento da situación das persoas desempregadas na súa parroquia e das necesidades de dinamización socio-comunitaria pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo, impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervincentes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é facilitar experiencia laboral no entorno da animación socio-comunitaria e da xestión económico-administrativa de entidades sen ánimo de lucro, dispor de persoal especializado para o desenvolvemento de proxectos de mellora das entidades federadas, dotar a entidade de novas ferramentas de comunicación, promoción e innovación, mellorar a súa capacidade competitiva e funcional.

V.- Que a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo, o Concello de Vigo e a dita Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo convenén a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo, comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo en canto a dinamización sociocultural, así como nas labores de administración e xestión da entidade e, concretamente, a:

-
- Facilitar experiencia laboral no entorno da animación socio-comunitaria e da xestión económico-administrativa de entidades sen ánimo de lucro.
- Dispor de persoal especializado para o desenvolvemento de proxectos de mellora das entidades federadas.
- Dotar a entidade de novas ferramentas de comunicación, promoción e innovación.
- Mellorar a súa capacidade competitiva e funcional.
- Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
- No emprazamento das accións constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio se realizarán no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado- como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
- Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
- As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xera, e o seu acceso será aberto e gratuíto.
- Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
- Respetar a estrutura organizativa da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo.

- Conceder directamente á Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo unha subvención total por importe de 37.000,00 € con cargo á partida 2410.4890010 “Convenios Plan de Emprego Municipal”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa agrupación.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

10. A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.
11. En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.
12. A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

Sétimo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Oitavo.- Comisión de seguimento

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

- O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- Tres vocais:
 - Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
 - Dous a membros da Xunta directiva da entidade Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo.

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Realizar as selección de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.
- Supervisar o cumprimento do normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo de tres (3) meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

As Retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Copia autenticada do contrato.

- Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.
- Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de outubro de 2012 e o 31 de marzo de 2013.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución siñificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no

RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo oitava.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2012.

27(1357).- AUTORIZACIÓN DO GASTO EN CONCEPTO DOS DEREITOS DE AUTOR DERIVADOS DA REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS INCLUÍDOS NO PROGRAMA DAS FESTAS DE VERÁN 2012. EXPTE 4749/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa do servizo de Festas, do 4.10.12, conformado polo xefe de Xestión e Promoción Cultural, pola concelleira delegada da área e pola concelleira delegada de Facenda, e polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Que se autorice un gasto por un importe total de 23.901,75 euros (19.753,51 + 4.148,24 de IVE) en concepto dos dereitos de autor derivados da realización das actividades e espectáculos incluídos no programa das *Festas de Verán 2012*, con cargo á partida 33380.226.0906 do programa presupostario de Festas para o vixente

exercicio. Este pagamento realizarase á Sociedade Xeral de Autores (SGAE), CIF G-28.029.643, previa presentación da factura correspondente.”

28(1358).- PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARA A CONTRATACIÓN DE SUBMINISTROS DE MESTURAS BITUMINOSAS E EMULSIÓNS ASFÁLTICAS, PARA O TALLER DO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 67503/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do enxeñeiro de Vías e Obras, do 21.09.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, co informe da técnica de Admón. Xeral e da Titular da Asesoría Xurídica, do 15.10.2012, e co informe do Interventor Xeral, do 16.10.2012, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria para o presente expediente de subministros de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas para o Taller do Servizo de Vías e Obras da Área de Fomento do Concello de Vigo.

SEGUNDO: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares redactado polo Xefe do Servizo de Vías e Obras con data 19 de setembro de 2012.

TERCEIRO: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a licitación obxecto do presente expediente redactado polo Xefe de Servizo de Vías e Obras con data 18 de outubro de 2012.

CUARTO: Autorizar o gasto por un importe máximo de 600.000,00 €, distribuído nas seguintes anualidades:

	Ano 2012	Ano 2013	Ano 2014	Total 12 meses	Total contrato 2 anualidades
Total	15.000,00 €	300.000,00 €	285.000,00 €	300.000,00 €	600.000,00 €
ive	2.603,31 €	52.066,12 €	49.462,81 €	52.066,12 €.	104.132,24 €
s/lve	12.396,69 €	247.933,88 €	235.537,19 €	247.933,88 €	495.867,77 €

con cargo o orzamento vixente para o ano 2012, 2013 e 2014, e de acordo co crédito existente na partida 1550.210.00.00 “conservación de viais e espazos públicos”.

O valor estimado total do contrato, incluídas prórrogas, é de 991.735,53 euros.

QUINTO: Abrir o procedemento licitatorio para a selección do adxudicatario na forma prevista na lexislación vixente.

29(1359).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE MULLERES PROGRESISTAS DE VIGO. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 5589/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa do servizo de Igualdade, do 6.09.2012, conformado pola concelleira delegado da área, co informe xurídico do secretario de Admón. Municipal, do 25.10.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 17.10.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“1º. Aprobar a sinatura do Convenio de colaboración entre a “Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo” e o Concello de Vigo para a execución do proxecto de intervención e apoio familiar coas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero”.

2º. Autorizar á Concelleira de Igualdade para que o subscriba en nome do Concello de Vigo.

3º. Autorizar o gasto de 18.500,00€ (dezaoito mil cincocentos euros) distribuído do seguinte xeito: 1.000,00 € con cargo á partida “*plan municipal de igualdade*” 2311 2279906 do orzamento vixente da concellería de Igualdade e 17.500,00€ con con cargo á partida “*plan municipal de igualdade*” 2311 2279906 do orzamento futuro do vindeiro exercicio económico da concellería de Igualdade, subordinado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do ano 2013 para facer fronte aos gastos derivados da execución do presente convenio.

4º. Aprobar o texto, que de seguido se dí:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS DE VIGO PARA A EXECUCION DO PROXECTO DE INTERVENCIÓN E APOIO FAMILIAR COAS USUARIAS DA REDE MUNICIPAL DE VIVENDAS DE PROTECCION PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO”

En Vigo, na casa do Concello, o día de de dous mil doce,

REUNIDAS:

Dunha parte, D^a M^a Jesús Lago Rey, na súa calidade de concelleira-delegada de Igualdade do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de xuño de 2011),

Doutra D^a Fernanda García Collazo DNI núm. 36101091, como presidenta da Asociación Mulleres Progresistas de Vigo, con CIF G36657336 e enderezo social na r/Policarpo Sanz, 10-2ºB, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos.

Tendo, daquela, as comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- Que a violencia contra as mulleres que aínda pervive na nosa sociedade, constitúe a manifestación mais extrema da desigualdade entre os xéneros. Por iso, é necesario por parte dos poderes públicos e das Administracións unha intervención firme e contundente para erradicala.

Consciente desta necesidade, o Concello de Vigo veu a desenvolver unha liña de actuación, xa consolidada nos últimos anos, na que é prioritaria a abordaxe do fenómeno da violencia desde diversos dispositivos e programas municipais.

SEGUNDO.- Que a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero articula medidas dirixidas a reforzar os servizos sociais de información, atención, emerxencia, apoio e recuperación integral, así como o establecemento dun sistema para a eficaz coordinación dos servizos existentes a nivel municipal e autonómico. Establece o dereito das mulleres vítimas de violencia a servizos de atención, de emerxencia, de apoio, de acollida e de atención integral. A organización destes servizos por parte das Comunidades Autónomas e Corporacións Locais responderá aos principios de atención permanente, atención urxente, especialización de prestacións e multidiscipliniedade profesional.

TERCEIRO.- Que a Concellería de Igualdade conta con recursos específicos para a atención de mulleres vítimas de violencia de xénero entre os que destaca o Centro Municipal de Información dos Dereitos da muller(CMIDM) e tres vivendas de protección cedidas polo IGVS ao Concello. Estes dous servizos complementáanse e coordínanse co Centro de emerxencia municipal que xestiona o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar conveniado co Concello de Vigo.

As tres vivendas municipais de protección están ubicadas en distintas zonas da cidade e son un recurso social específico que a Concellería de igualdade destina á finalidade de acoller temporalmente a mulleres maltratadas e persoas delas dependentes que carezan de suficientes recursos económicos e persoais para afrontar a ruptura de vínculos co agresor. A estadía é temporal e, durante a súa estancia, se ofrece ás mulleres a axuda e o apoio dunha educadora familiar que contribúe a que as mulleres beneficiarias da rede consigan as ferramentas e os recursos necesarios para levar adiante unha vida independente e autónoma e un afastamento do contexto de violencia.

CUARTO.- Este programa desenvolverase a través da Asociación Mulleres Progresistas de Vigo, con persoal formado e especializado contratado pola devandita entidade. Mulleres Progresistas de Vigo facilitará puntualmente as instrucións e supervisión da labor realizada pola/s traballadora/s ao seu cargo adscrita/s a este programa. O persoal contratado pola asociación Mulleres Progresistas terá dependencia única e exclusiva con esa entidade.

QUINTO.- Que como se desprende dos estatutos e da memoria de actividades presentada pola "Asociación Mulleres Progresistas de Vigo", esta é e unha entidade que cumpre os fins e os obxectivos da Concellería de Igualdade en prol da igualdade de oportunidades e máis especificamente contra a violencia que sofren as mulleres.

SEXTO.- No obxecto do convenio concorren singulares circunstancias de interese público, social e humanitario e por tal motivo ambas partes coinciden na necesidade de establecer unha cooperación que tenda a aunar os esforzos e os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento deste proxecto.

SÉTIMO.- O convenio a subscribir entre o Concello de Vigo e a asociación Mulleres Progresistas de Vigo queda fóra do ámbito da Lei 30/2007, de 30 de outubro de contratos do sector público, por figurar excluído no artigo 4 da citada Lei.

OITAVO.- A Asociación Mulleres Progresistas de Vigo áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello, segundo resulta das certificacións que obran no expediente.

En atención a estas consideracións, as organizacións abaixo asinantes, desexando estreitar lazos, unir esforzos e actuar para ofrecer unha atención integral as mulleres usuarias da rede municipal de vivendas de protección, acordan outorgar o presente convenio de colaboración conforme os seguintes

PACTOS

PRIMEIRO.- O presente convenio ten por obxecto regular o proxecto de intervención e apoio familiar coas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para mulleres maltratadas, segundo o estipulado no anexo I.

SEGUNDO.- A asociación Mulleres Progresistas de Vigo desenvolverá o proxecto de intervención e apoio familiar de acordo co indicado no Anexo I, correspondéndolle, entre outras, as seguintes atribucións e cometidos:

Deseñar e implementar os itinerarios específicos de integración sociolaboral de cada unha das usuarias das vivendas.

Visitar periódicamente ás usuarias e persoas delas dependentes durante o tempo que residan nas vivendas de protección.

Actualizar o libro de rexistro de cada vivenda e elaboración de informes para o adecuado seguimento da evolución das usuarias.

Informar e explicar ás usuarias e persoas delas dependentes as normas de uso e cesión das vivendas municipais de protección.

Traballar en coordinación co Centro Municipal de Información dos dereitos da Muller.

Inventariar o mobiliario e o equipamento das vivendas en cada alta e baixa que se produza.

Informar aos corpos e forzas de seguridade e ao Centro Municipal de información dos Dereitos da Muller de calquera situación de risco ou perigo detectado para as usuarias da rede de vivendas.

O persoal contratado pola Asociación de Mulleres Progresistas destinado a desenvolver este proxecto velará polo bo uso das vivendas, mobiliario e demais equipamento dos inmobles. Informará puntualmente á concellería de igualdade das baixas que se poidan producir.

A Asociación Mulleres Progresistas de Vigo cumprirá as disposicións en vigor en relación coa/s traballadora/s , en todos os seus aspectos, incluídos os de Seguridade Social, hixiene laboral, así como o pagamento dos impostos, recargos e arbitrios que se derivan das contratacións.

Este programa desenvolverase a través da Asociación Mulleres Progresistas de Vigo, con persoal formado e especializado contratado pola devandita entidade. Mulleres Progresistas de Vigo facilitará puntualmente as instrucións e supervisión da labor realizada polas traballadoras ao seu cargo adscrita/s a este programa. O persoal contratado pola asociación Mulleres Progresistas terá dependencia única e exclusiva con esa entidade

A asociación Mulleres Progresistas de Vigo velará polo cumprimento da Lei de protección de datos na execución deste proxecto, garantindo a confidencialidade e o dereito á intimidade das usuarias e persoas delas dependentes.

